

NATACIÓN

COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Cada equipo participará cun máximo de 7 nadadores. Os equipos das categorías A e B serán mixtos. Os equipos da categoría C serán masculinos e feminino. Cada nadador/a poderá nadar como máximo unha proba individual e unha de relevos.

SISTEMA DE COMPETICIÓN

As probas que compoñen o programa de cada categoría son as que se especifican a continuación:

CATEGORIA A	CATEGORIA B	CATEGORIA C
25 metros costas mixta	25 metros costas mixta	50 metros costas feminino
25 metros braza mixta	25 metros braza mixta	50 metros costas masculino
25 metros croll mixta	25 metros croll mixta	50 metros braza feminino
4 x 25 metros estilos libres	4x25 metros estilos libres mixta	50 metros braza masculino
		50 metros croll feminino
		50 metros croll masculino
		4 x 50 metros estilos libres masculino
		4 x 50 metros estilos libres feminino

Sistema de puntuación:

1. Probas individuais. Asignarase N puntos ao primeiro clasificado, N-1 ao segundo, N-2 ao terceiro, e así sucesivamente, sendo N o número de equipos participantes. **Aplicarase tanto as probas individuais de relevos.** Se un equipo non presenta 1 nadador nunha proba, non obterá ningún punto nesa proba.

No caso de empate na clasificación dunha proba , os nadadores ou equipos de relevos empatados obterán a puntuación correspondente ao posto que ocuparan .

Se un nadador ou equipo de relevos non finalizasen as probas ou fosen descualificados , non obterán puntuación

No caso de empate na clasificación dunha proba, os nadadores ou conxuntos de relevos empatados obterán a puntuación correspondente ao posto que ocuparon.

Resultará gañador da competición o equipo que obteña máis puntos despois de sumar a puntuación de todas as probas. No caso de que haxa empate de puntos entre varios equipos, clasificarase en primeiro lugar o equipo que teña máis primeiros postos; de persistir o empate, o que teña máis segundos postos, e así sucesivamente. No suposto de que persista o empate, clasificarase en primeiro lugar o equipo que obtivo unha mellor clasificación na proba de relevos.

OUTRAS NORMAS DE COMPETICIÓN

As normas de competición estarán reguladas nas bases xerais e normas técnicas da Federación Galega de Natación.